



Proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira do corpo auxiliar de administración xeral e do corpo de auxiliares de carácter técnico de administración especial, subgrupo C2, do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes aos Grupos IV e V, do V convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico

Modelo B: Galego

NON abra o cuestionario ata que se lle indique

1. A teor da regulación contida no artigo 4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cal dos seguintes supostos non encaixa coa definición de interesado?:

- a) O que promova o procedemento como titular de dereitos ou intereses lexítimos individuais ou colectivos.
- b) O que, sen iniciar o procedemento, teña dereitos que poidan resultar afectados pola decisión que nel se adopte.
- c) O que, sen iniciar o procedemento, teña calquera tipo de interese nel.

2. De acordo co disposto no artigo 6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cal dos seguintes datos non está previsto que forme parte da información mínima que debe de constar nos asentos que se realicen nos rexistros electrónicos xerais e particulares de apoderamentos?:

- a) Período de tempo polo cal se outorga o poder.
- b) Obxecto do apoderamento.
- c) Data de inscrición.

3. Sinala o artigo 6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que os poderes inscritos no rexistro terán unha validez determinada máxima de:

- a) Cinco anos contados desde a data de inscrición.
- b) Dous anos contados desde a data de inscrición.
- c) Tres anos contados desde a data de presentación das solicitudes de inscrición do poder.

4. Que di o artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas acerca das comunicacións a través de medios electrónicos entre a Administración e os administrados?:

- a) Que as persoas físicas poderán elixir en todo momento se se comunican coas administracións públicas a través dos devanditos medios ou non.
- b) Que as persoas xurídicas poderán elixir se se comunican coas administracións públicas a través dos devanditos medios ou non, salvo que exerzan unha actividade profesional.
- c) Que as persoas físicas poderán elixir en todo momento se se comunican coas administracións públicas a través dos devanditos medios ou non, salvo que estean obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas.

5. Os documentos electrónicos deberán conservarse nun formato que permita garantir a autenticidade, integridade e conservación do documento, así como a súa consulta, con independencia do tempo transcorrido desde a súa emisión. A eliminación dos devanditos documentos (artigo 17 da LPAC):

- a) Deberá ser autorizada de acordo co disposto na normativa aplicable.
- b) Deberá ser comunicada de acordo co disposto na normativa aplicable.
- c) Deberá ser xustificada de acordo co disposto na normativa aplicable.

6. Segundo o artigo 18 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os interesados nun procedemento que coñezan datos que permitan identificar outros interesados que non comparecesen nel teñen:

- a) O deber de proporcionarllos á Administración actuante.
- b) O deber de comunicarllo a esa persoa.
- c) O dereito a non declaralo á Administración actuante.

7. Aclara o artigo 19 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que as administracións públicas lle entregarán ao interesado certificación acreditativa da comparecencia:

- a) Cando así o solicite.
- b) Unicamente cando esta comparecencia fose presencial.
- c) En todo caso.

8. A Administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala en todos os procedementos calquera que sexa a súa forma de iniciación, excepto (artigo 21 da LPAC):

- a) Os supostos de terminación do procedemento por pacto ou convenio.
- b) Os procedementos de responsabilidade patrimonial.
- c) Os procedementos sancionadores.

9. Cando para a resolución do procedemento sexa indispensable a obtención dun pronunciamento previo por parte dun órgano xurisdiccional (artigo 22 da LPAC):

- a) Poderase suspender a execución da resolución a condición de que esta puidese causar prexuízos de imposible ou difícil reparación.
- b) Suspenderase o transcurso do prazo máximo legal para resolver un procedemento e notificar a resolución.
- c) Poderase suspender o transcurso do prazo máximo legal para resolver un procedemento e notificar a resolución.

10. En cal dos seguintes supostos o vencemento do prazo máximo establecido sen que se ditase e notificase resolución expresa non levará necesariamente que se produza a caducidade do procedemento? (artigo 25 da LPAC):

- a) Procedementos en que a Administración exercite potestades sancionadoras.
- b) Procedementos dos que puidese derivarse o recoñecemento de dereitos.
- c) Procedementos en que a Administración exercite potestades de intervención susceptibles de producir efectos de gravame.

11. Respecto dos documentos electrónicos emitidos polas administracións públicas que se publiquen con carácter meramente informativo, sinala o artigo 26 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que:

- a) Requiren de sinatura electrónica.
- b) Será necesario identificar a súa orixe.
- c) Será necesario identificar o seu destino.

12. No que se refire aos termos e prazos, de acordo co teor literal do artigo 29 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sinala cal das seguintes respostas é correcta:

- a) Os termos e prazos establecidos nesta ou noutras leis obrigan ás autoridades e ao persoal ao servizo das administracións públicas competentes para ditar resolución dos asuntos, así como aos interesados neles.
- b) Os termos e prazos establecidos nesta ou noutras leis obrigan ás autoridades e ao persoal o servizo das administracións públicas competentes para a tramitación dos asuntos, así como aos interesados neles.
- c) Os termos e prazos establecidos nesta ou noutras leis obrigan unicamente ao persoal ao servizo das administracións públicas competente para a instrución dos asuntos, así como aos interesados neles.

13. Sinala o artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que os prazos expresados en días se contarán a partir:

- a) Do día en que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate.
- b) Do día seguinte a aquel en que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate.
- c) Do día en que se dite o acto de que se trate.

14. Os actos nulos ou anulables que, con todo, conteñan os elementos constitutivos doutro distinto producirán os efectos deste en virtude do principio de (artigo 50 de LPAC):

- a) Conservación de actos e trámites.
- b) Validación.
- c) Conversión de actos viciados.

15. Segundo o artigo 52 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Administración poderá validar:

- a) Os actos anulables.
- b) Os actos expresos.
- c) Os actos nulos de pleno dereito.

16. Segundo o artigo 1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, esta lei ten por obxecto:

- a) Establecer e regular a organización e o funcionamento da Administración xeral do Estado e do seu sector público institucional para o desenvolvemento das súas actividades.
- b) Establecer e regular a organización e o funcionamento da Administración autonómica e do seu sector público institucional para o desenvolvemento das súas actividades.
- c) Establecer e regular a organización e o funcionamento da Administración local e do seu sector público institucional para o desenvolvemento das súas actividades.

17. Conforme ao disposto no artigo 2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes das administracións públicas intégranse en:

- a) As universidades públicas.
- b) Entidades de dereito privado.
- c) O sector público institucional.

18. Conforme ao disposto no artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as administracións públicas serven con obxectividade os intereses xerais e actúan de acordo cos principios de:

- a) Eficacia, xerarquía, centralización, desconcentración e coordinación.
- b) Eficacia, xerarquía, descentralización, concentración e coordinación.
- c) Eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación.

19. Conforme ao disposto no artigo 3 da lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, as administracións públicas deberán respectar na súa actuación e relacións os seguintes principios:

- a) Economía, suficiencia e adecuación estrita dos medios aos fins institucionais.
- b) Economía, suficiencia e adecuación estrita dos medios aos fins políticos.
- c) Economía, subxectividade e adecuación estrita dos medios aos fins institucionais.

20. Conforme ao disposto no artigo 5 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, terán a consideración de órganos administrativos:

- a) As unidades administrativas ás que non se lles atribúan funcións que teñan efectos xurídicos fronte a terceiros.
- b) As unidades administrativas cuxa actuación non teña carácter preceptivo.
- c) As unidades administrativas ás que se lles atribúan funcións que teñan efectos xurídicos fronte a terceiros ou cuxa actuación teña carácter preceptivo.

21. Conforme ao disposto no artigo 8 de a Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, se algunha disposición lle atribúe a competencia a unha Administración, sen especificar o órgano que debe exercela, entenderase que a facultade de instruír e resolver os expedientes corresponde a:

- a) Os órganos superiores competentes por razón da materia e do territorio.
- b) Os órganos inferiores competentes por razón da materia e do territorio.
- c) O órgano superior xerárquico desa Administración.

22. Conforme ao disposto no artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, as delegacións de competencias e a súa revogación deberán publicarse:

- a) En ningún caso.
- b) No *Boletín Oficial do Estado*, no da comunidade autónoma ou no da provincia, segundo a Administración a que pertenza o órgano delegante e o ámbito territorial de competencia deste.
- c) No *Boletín Oficial do Estado* en todo caso.

23. Segundo o artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, nunha encomenda de xestión, a entidade ou órgano encomendado terá, en todo caso:

- a) A condición de encargado do tratamento dos datos de carácter persoal aos que puidese ter acceso en execución da encomenda de xestión.
- b) A condición de responsable do tratamento dos datos de carácter persoal aos que puidese ter acceso en execución da encomenda de xestión.
- c) A condición de delegado de protección de datos de carácter persoal aos que puidese ter acceso en execución da encomenda de xestión.

24. Conforme ao disposto no artigo 12 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, para a validez da delegación de sinatura:

- a) Non será necesaria a súa publicación.
- b) Publicarase no *Diario Oficial de Galicia*.
- c) Publicarase no *Boletín Oficial do Estado*.

25. Conforme ao disposto no artigo 14 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, os conflitos de atribucións só poderán suscitarse entre órganos de:

- a) Distintas administracións non relacionados xerarquicamente, e respecto de asuntos sobre os que non finalizase o procedemento administrativo.
- b) Unha mesma Administración non relacionados xerarquicamente, e respecto de asuntos sobre os que non finalizase o procedemento administrativo.
- c) Unha mesma Administración relacionados xerarquicamente, e respecto de asuntos sobre os que finalizase o procedemento administrativo.

26. Conforme ao disposto no artigo 15 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, deberán ser publicados no boletín ou diario oficial da Administración pública na que se integran o acordo de creación e as normas de funcionamento dos órganos colexiados:

- a) Que diten resolucións que teñan efectos xurídicos fronte a terceiros.
- b) En ningún caso será necesaria a publicación das normas de funcionamento.
- c) De todos os órganos colexiados que creen as administracións públicas.

27. Conforme ao disposto no artigo 17 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, os órganos colexiados poderanse constituír, convocar, celebrar as súas sesións, adoptar acordos e remitir actas de forma:

- a) Presencial, en todo caso.
- b) Presencial ou a distancia.
- c) En ningún caso a distancia.

28. Conforme ao disposto no artigo 18 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, de cada sesión que celebre o órgano colexiado levantárase acta polo secretario, que non especificará necesariamente:

- a) O contido dos acordos adoptados.
- b) O nome de quen non asistiu á reunión.
- c) A orde do día da reunión.

29. Conforme ao disposto nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, ter intervido como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate é causa de:

- a) Abstención, unicamente.
- b) Recusación, unicamente.
- c) Abstención e recusación.

30. Conforme ao disposto no artigo 2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a potestade que faculta a Comunidade Autónoma de Galicia para estruturar, establecer o réxime xurídico e dirixir e fixar os obxectivos da función pública galega denomínase:

- a) Potestade de programación.
- b) Potestade regulamentaria.
- c) Potestade de autoorganización.

31. De acordo co establecido no artigo 3 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, as administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da citada lei xeneralizarán a xestión de todos os procesos e procedementos administrativos derivados desta:

- a) Por medios electrónicos.
- b) Por medios manuscritos.
- c) Por medios mecanografados.

32. De acordo co establecido no artigo 6 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, esta lei é de aplicación ao persoal docente dependente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e ao persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde:

- a) En ningún caso é aplicable a este tipo de persoal.
- b) Agás no relativo ás retribucións complementarias e outras materias.
- c) Agás no relativo ao seu réxime disciplinario.

33. Conforme ao disposto no artigo 6 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, esta lei é de aplicación ao persoal docente dependente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e ao persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, excepto no relativo á materia seguinte:

- a) Carreira profesional e promoción interna.
- b) Retribucións básicas.
- c) Réxime disciplinario.

34. Conforme ao disposto no artigo 21 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, as persoas que, en virtude de nomeamento legal, están vinculadas á Administración pública por unha relación estatutaria regulada polo dereito administrativo para o desempeño de servizos profesionais retribuídos de carácter permanente denomínanse:

- a) Persoal funcionario de carreira.
- b) Persoal eventual.
- c) Persoal laboral.

35. De acordo co establecido no artigo 22 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, os postos que teñan atribuídas funcións que impliquen a realización de tarefas de inspección, fiscalización ou control serán reservados necesariamente nas relacións de postos de traballo a:

- a) O persoal laboral.
- b) O persoal funcionario.
- c) O persoal eventual.

36. Conforme ao disposto no artigo 24 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o cesamento do persoal funcionario interino producirase por:

- a) Cumprimento dos requisitos esixidos para o desempeño do posto.
- b) Cesamento da autoridade que efectuou o nomeamento.
- c) Amortización do posto que ocupe.

37. De acordo co establecido no artigo 25 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, a prestación de servizos en réxime interino:

- a) Constitúe mérito preferente para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira.
- b) Non constitúe mérito preferente para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira.
- c) Constitúe mérito preferente para a adquisición da condición de persoal eventual.

38. Segundo o recollido no artigo 26 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, poden ser desempeñados por persoal laboral:

- a) Os postos de natureza non permanente.
- b) Os postos que teñan atribuídas funcións de inscrición e anotación de datos nos rexistros administrativos.
- c) Os postos que teñan atribuídas funcións de cancelación de datos nos rexistros administrativos.

39. De acordo co establecido no artigo 27 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, os postos de traballo vacantes que poidan ser desempeñados por persoal laboral e que se consideren de provisión urxente e inaprazable poden ser cubertos mediante:

- a) Unha empresa de traballo temporal.
- b) A contratación de persoal laboral temporal.
- c) A contratación de persoal eventual.

40. Conforme ao recollido no artigo 27.4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o tempo de servizos prestados en réxime de persoal laboral temporal computarase nos supostos de:

- a) Concurso ou de oposición.
- b) Oposición.
- c) Concurso-oposición ou de concurso.

41. Conforme ao disposto no artigo 57 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, o persoal funcionario de carreira seleccionarase ordinariamente polo sistema de:

- a) Concurso.
- b) Oposición ou concurso-oposición.
- c) Concurso ou concurso-oposición.

42. Conforme ao disposto no artigo 119 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, nos casos de matrimonio, o persoal funcionario ten dereito a un permiso retribuído de:

- a) Quince días naturais ininterrompidos.
- b) Trinta días naturais ininterrompidos.
- c) Noventa días naturais ininterrompidos.

43. Conforme ao disposto no artigo 121 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, nos casos de parto, a nai funcionaria ten dereito a un permiso retribuído de:

- a) Vinte e dúas semanas ininterrompidas.
- b) Dezaseis semanas ininterrompidas.
- c) Trinta días naturais ininterrompidos.

44. En base ao artigo 1 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, esta norma ten por obxecto a garantía de dereitos das persoas con discapacidade conforme a:

- a) Os artigos 9.2, 10, 14 e 49 da Constitución española, a Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade e o Tratado da Unión Europea.
- b) Os artigos 9.2, 10, 14 e 49 da Constitución española, a Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade e os acordos internacionais ratificados por España.
- c) Os artigos 9.2, 10, 14 e 49 da Constitución española e a Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade.

45. De acordo co artigo 2 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, a discapacidade é:

- a) A situación en que se atopa unha persoa cando é tratada de maneira menos favorable ca outra.
- b) Unha situación que resulta da interacción entre as persoas con deficiencias previsiblemente permanentes e calquera tipo de barreira que limite ou impida a súa participación plena e efectiva na sociedade, en igualdade de condicións coas demais.
- c) A situación dunha persoa ou grupo en que se integra cando é obxecto dun trato discriminatorio debido á súa relación con outra por motivo ou por razón de discapacidade.

46. En base ao artigo 3 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, non son principios desta lei:

- a) A vida independente.
- b) A normalización.
- c) O dereito á educación.

47. En base ao artigo 10 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, as persoas con discapacidade teñen dereito á protección da saúde, o que inclúe:

- a) A prevención da enfermidade e a protección, promoción e recuperación da saúde, agás o referido á saúde sexual e reprodutiva.
- b) A prevención da enfermidade e a protección, promoción e recuperación da saúde, con especial atención á saúde mental e á saúde sexual e reprodutiva.
- c) A prevención da enfermidade e a protección, promoción e recuperación da saúde, agás o referido á saúde mental.

48. En base ao artigo 12 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, os equipos multiprofesionais de atención á discapacidade:

- a) Son os órganos encargados de establecer os criterios para o recoñecemento da incapacidade permanente no grao de total.
- b) Son unidades da Administración xeral do Estado que actúan no ámbito de todo o territorio nacional, encargados da rehabilitación profesional.
- c) Son os órganos encargados de valorar e cualificar as situacións de discapacidade para o seu recoñecemento oficial polo órgano administrativo competente.

49. En base ao o artigo 35 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, as persoas con discapacidade teñen dereito ao traballo:

- a) En condicións que garantan a aplicación dos principios de igualdade de trato e non discriminación.
- b) En condicións que garantan a aplicación dos principios de igualdade de trato e non discriminación directa.
- c) En condicións que garantan a aplicación dos principios de igualdade de trato e non discriminación indirecta.

50. En base ao artigo 1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, enténdese por actividade pública:

- a) Unicamente a desenvolvida polo sector público autonómico.
- b) Unicamente a desenvolvida pola Administración xeral de Galicia.
- c) A desenvolvida cun financiamento público.

51. De conformidade co establecido no artigo 22.2 da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en relación á reutilización da información do sector público autonómico:

- a) A Administración deberá de manter a produción dun determinado tipo de documento con vistas á súa reutilización por unha entidade pública ou privada.
- b) A Administración non deberá de manter a produción dun determinado tipo de documento con vistas á súa reutilización por unha entidade pública ou privada.
- c) A Administración deberá de manter a produción da información de acceso público para a súa reutilización por unha entidade pública ou privada.

52. De conformidade co establecido no artigo 24.1 da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en relación ao acceso da información pública:

- a) Enténdese por información pública calquera documento que obre en poder da Administración e que fose elaborado por esta.
- b) Enténdese por información pública os contidos ou documentos que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados en exercicio das súas funcións.
- c) Enténdese por información pública calquera contido que obre en poder da Administración e que fose elaborado por esta.

53. De conformidade co establecido no artigo 25.1 da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en relación co dereito de acceso á información pública:

- a) O dereito de acceso á información pública non poderá ser limitado ou denegado.
- b) O dereito de acceso á información pública só poderá ser limitado ou denegado nos supostos previstos na normativa básica.
- c) O dereito de acceso á información pública poderá ser denegado se se acorda polo órgano administrativo competente.

54. De conformidade co establecido no artigo 27.4 da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en relación á solicitude de acceso á información pública:

- a) A resolución na que se conceda ou denegue o acceso deberá notificarse canto antes e, como máis tarde, no prazo máximo de dous meses.
- b) A resolución na que se conceda ou denegue o acceso deberá notificarse canto antes e, como máis tarde, no prazo máximo de dous meses, prorrogable polo prazo dun mes.
- c) A resolución na que se conceda ou denegue o acceso deberá notificarse canto antes e, como máis tarde, no prazo máximo dun mes.

55. De conformidade co establecido no artigo 28.1 da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en relación á solicitude de acceso á información pública:

- a) Contra a resolución expresa ou presunta do Consello Galego de Relacións Laborais, en materia de acceso só poderá interpoñerse o recurso administrativo que corresponda.
- b) Contra a resolución expresa ou presunta do Consello Galego de Relacións Laborais, en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo ou un recurso contencioso-administrativo.
- c) Contra a resolución expresa ou presunta do Consello Galego de Relacións Laborais, en materia de acceso só poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo.

56. Segundo o disposto no artigo 1 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a Comunidade Autónoma de Galicia reforza o seu compromiso na eliminación da discriminación entre mulleres e de homes e na promoción da igualdade, atribuíndolle a maior efectividade posible, no seu campo de competencias, ao principio constitucional de:

- a) Igualdade de oportunidades entre as persoas de ambos os sexos.
- b) Participación desequilibrada dos homes na toma de decisións.
- c) Garantía da dignidade das mulleres.

57. De acordo co artigo 2 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para os efectos desta norma, o concepto de discriminación incluirá:

- a) O acoso ou acoso moral por razón de xénero e o acoso sexual.
- b) Unicamente o acoso sexual.
- c) O acoso moral por razón de xénero non se distingue do acoso sexual.

58. De acordo co artigo 4 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, as medidas especiais encamiñadas a acelerar a igualdade entre mulleres e homes:

- a) Considéranse medidas discriminatorias.
- b) Non se considerarán discriminatorias.
- c) Terán carácter permanente.

59. Conforme ao disposto no artigo 47 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, no acceso ao emprego público galego analizarase se os requisitos esixidos ás persoas aspirantes determinan un prexuízo para as mulleres ou para un colectivo predominantemente feminino:

- a) Con anterioridade a calquera oferta de emprego público.
- b) Con anterioridade á convocatoria do proceso selectivo.
- c) Unha vez finalizado o proceso selectivo.

60. Conforme ao disposto no artigo 55 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, o establecemento dun procedemento informal de solución establecerase para:

- a) Previr o acoso sexual.
- b) O exercicio dos dereitos de conciliación.
- c) A valoración excepcional do esforzo físico nas probas selectivas.

PREGUNTAS DE RESERVA

61. Comunicaráselles a tramitación dun procedemento ás persoas que sexan titulares de dereitos ou intereses lexítimos e directos cuxa identificación resulte do expediente e que poidan resultar afectados pola resolución que se dite (artigo 8 da LPAC):

- a) En calquera momento anterior ao trámite de audiencia.
- b) Durante a instrución dun procedemento que non tivese publicidade.
- c) Durante a tramitación de calquera clase de procedemento.

62. Un dos dereitos recoñecidos a quen ten capacidade de obrar ante as administracións públicas no artigo 13 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas é o de comunicarse coas administracións públicas a través de:

- a) Un punto de contacto electrónico da Administración.
- b) Un punto de acceso xeral electrónico da Administración.
- c) Un punto de comunicación electrónico da Administración.

63. Conforme ao disposto no artigo 7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os servizos que forman parte da Administración consultiva e que prestan asistencia xurídica:

- a) Poderán recibir instrucións, directrices ou calquera clase de indicación dos órganos que elaborasen as disposicións ou producisen os actos obxecto de consulta en situacións de urxencia.
- b) Poderán recibir instrucións, directrices ou calquera clase de indicación dos órganos que elaborasen as disposicións ou producisen os actos obxecto de consulta cando así se estableza na súa norma de creación.
- c) Non poderán recibir instrucións, directrices ou calquera clase de indicación dos órganos que elaborasen as disposicións ou producisen os actos obxecto de consulta.

64. Conforme ao disposto no artigo 8 de a Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, a delegación de competencias, a encomenda de xestión, a delegación de firma e a suplencia:

- a) Supoñen alteración da titularidade da competencia e dos elementos determinantes do seu exercicio que se prevén en cada caso.
- b) Non supoñen alteración da titularidade da competencia, aínda que si dos elementos determinantes do seu exercicio que en cada caso se prevén.
- c) Non supoñen alteración da titularidade da competencia, nin tampouco dos elementos determinantes do seu exercicio que en cada caso se prevén.

65. De acordo co establecido no artigo 11 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, o persoal que presta servizos no Consello Consultivo de Galicia:

- a) Réxese pola normativa reguladora deste órgano e pola presente lei supletoriamente.
- b) Réxese pola presente lei, excepto no relativo ás retribucións complementarias e outras materias.
- c) Non se rexe pola presente lei en ningún caso.